



Compostela  
Cultura

# VIAXES

**CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE**  
**Real Filharmonía de Galicia**

---

**XOVES 25**

**NOVEMBRO 2021**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

## **EN TRÁNSITO**

Paul Daniel Director

Josu de Solaun Piano

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Paul Daniel Director





# PROGRAMA

I

SERGUÉI PROKÓFIEV (1891-1953)

Concerto para piano núm. 2 en sol menor, op. 16

*Andantino*

*Scherzo: Vivace*

*Moderato*

*Finale: Allegro tempestoso*

Josu de Solaun, piano

II

DORA PEJAČEVIĆ (1885-1923)

Abertura en re menor op. 49

FRANCIS POULENC (1899-1963)

Sinfonietta, FP 141

*Allegro con fuoco*

*Molto vivace*

*Andante cantabile*

*Finale: Prestissimo et tres gai*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

#### **Director artístico titular**

Paul Daniel

#### **Principal directora convidada**

Joana Carneiro

#### **Director asociado**

Maximino Zumalave

#### **VIOLÍNS I**

James Dahlgren  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Ilya Fisher  
Claudio Guridi  
Anna Alexandrova  
Daniel Kordubaylo  
Yulia Petrushevskaya  
Ildikó Oltai  
Michal Ryczel  
Natalia Hernantes \*\*\*

#### **VIOLÍNS II**

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Helena Sengelow  
Gyula Vadaszi  
Samira Ajkic  
Kiyoko Ohashi  
Elina Viksne  
Irina Gruia  
Pau Fogàs \*\*\*

#### **VIOLAS**

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Oxana Bakulina  
Timur Sadykov  
Anne Schlossmacher  
Ionela Ciobotaru  
Iriana Fernández

#### **VIOLONCELLOS**

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Millán Abeledo  
Thomas Piel  
Carlos García  
Alexandre Llano (R)  
Carmen Diego \*\*\*

#### **CONTRABAIXOS**

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Cristina Ortego (R)

#### **FRAUTAS**

Laurent Blaiteau \*  
Luís Soto \*\*  
Cristina Pati \*\*\*

#### **ÓBOES**

Christina Dominik \*  
Avelino Ferreira (R)  
Ruth Santiago \*\*\*

#### **CLARINETES**

Vicente López \*  
Daniel Veiga (R)  
Xosé Antón  
Comesaña \*\*\*

#### **FAGOTES**

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*  
Daniel Solís (R)

#### **TROMPAS**

Alfredo Varela \*  
Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*  
Sergio Sánchez \*\*\*

#### **TROMPETAS**

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

#### **TROMBÓNS**

Arturo Centelles (R)  
David Manuel  
Rodríguez (R)  
Brais Molina (R)

#### **TUBA**

Miguel Franqueiro (R)

#### **TIMBAL**

José Vicente Faus \*

#### **PERCUSIÓN**

Isabel Diego (R)  
Roberto Bao (R)

#### **ARPA**

Alba Barreiro (R)

\* principal | \*\* coprincipal | \*\*\* EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

### Paul Daniel

#### Director

---

É director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, ano no que tamén se converteu en director musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da

Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para A Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Tokio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders para a Santa Fe Opera. Coa súa propia orquestra en Burdeos realizou interpretacións moi aclamadas de *Tristan e Isolde*, *Elektra* e *Die Walküre*. Os seus



compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera de Múnic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

Paul Daniel presidiu o xurado do 57º Concurso Internacional de Dirección de Orquestra de Besançon en setembro de 2021. As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Burdeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD. En febreiro de 1998, Paul Daniel recibiu un Premio Olivier polos seus destacados logros na ópera, e foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico na lista de honras do ano 2000.

### Josu de Solaun

#### Piano

---

De nacionalidade española e estadounidense, é o gañador do XIII Concurso Internacional de Piano George Enescu de Bucarest (2014), cuxa lista de gañadores inclúe nomes ilustres do piano moderno como Radu Lupu e Elisabeth Leonskaja, converténdose así no primeiro español en gañar este certame. Así mesmo, obtén o Primeiro Premio no XV Concurso Internacional de Piano José Iturbi de Valencia, sendo de novo o único pianista español galardoado nas súas máis de 30 edicións. En 2009 recibe o Primeiro Premio e Premio do Público no Primeiro Concurso de Piano da Comunidade Europea celebrado en Praga, onde foi elixido como único pianista representante de España.

Ten actuado como solista con orquestras como a do Teatro Mariinsky de San Petersburgo, Orquestra Filharmónica La Fenice de Venecia, Orquesta de la RTVE, Orquesta da Radio e Televisión de Dublín, Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia, Orquestra Nacional da Radio de Bucarest, Filharmónica George Enescu de Bucarest, Orquestra da Radio Checa e Filarmónica de la Ciudad de México, entre outras.

É graduado pola Manhattan School of Music de Nova York, onde estudou durante doce anos baixo a tutela da pianista rusa Nina Svetlanova e o pianista cubano Horacio Gutiérrez. En España formouse con María Teresa Naranjo e Ana Guijarro (piano) e co compositor e director de orquestra Salvador Chuliá (harmonía, contrapunto, fuga e composición). Os seus profesores de música de cámara foron David Soyer e Michael Tree (do Cuarteto Guarneri), Isidore Cohen (do Beaux Arts Trio) e Robert Mann (Cuarteto Juilliard).

A súa discografía inclúe un disco con obras de Stravinski para NAXOS (2016), as obras completas de George Enescu en tres discos para NAXOS (2017), o disco “Fantasque” (AUDITE) galardoado co prestixioso premio ICMA 2021 e o seu recén estreado disco “Disgressions” (IBS Classical) 2021. En 2019 o Goberno de Romanía condecorouno coa Orde ao Mérito Cultural.

## **Serguéi Prokófiev (1891-1953)**

*Concerto para piano núm. 2 en sol menor, op. 16*

Prokófiev era un estudante rebelde de 21 anos cando escribiu o seu *Segundo Concerto para piano*, durante as vacacións de inverno no Conservatorio de San Petersburgo. A partitura foi dedicada á primeira persoa que escoitou a peza, o seu mellor amigo Maximilian Schmidthof, quen se suicidou ese mesmo ano deixándolle unha nota de despedida. Na música, o compositor procurou evocar emocións escuras e fondas que se intensifican a medida que medra a participación da orquestra resultando unha das obras sinfónicas para piano máis difíciles e fascinantes do repertorio. O concerto, moi esixente tecnicamente para o solista, desenvólvese en catro movementos, en vez dos tres tradicionais e iníciase cunha introdución mesurada do clarinete e as cordas tocando *pizzicato* para abrir a porta á primeira declaración do piano. Na metade do movemento, a orquestra garda silencio mentres o solista retoma a melodía inicial, comezando así a monumental cadencia que se volve cada vez máis virtuosa na súa figuración, ata que no momento máis disonante a orquestra volve entrar cunha forza aterradora. O movemento remata cando o solista

toca un eco fantasmal do tema inicial. O breve *Scherzo* é un *perpetuum mobile* que require da máxima velocidade do solista que só ten uns poucos compases para descansar mentres a orquestra empeza o terceiro movemento, unha marcha grotesca que parece ao mesmo tempo estrañamente cómica e aterradora a modo de burla sobre o súa opresiva contorna. O último movemento asoma como un remuíño vibrante de cor e virtuosismo, pero tras o caos inicial, Prokófiev revela unha melodía introspectiva e melancólica que leva a un mundo íntimo e soñador. O segundo tema ten un inconfundible sabor ruso, quizais descendente do *Bydlo* (carro de bois) de *Cadros dunha exposición* de Mussorgski. Unha extensa coda conduce a unha versión retorcida e fragmentada do tema lírico. Logo dun instante de reflexión, regresa a tolemia da apertura e o movemento remata cun arrepiante esforzo para piano e orquestra.

## **Dora Pejačević (1885-1923)**

*Abertura en re menor op. 49*

Nacida no seo dunha familia da aristocracia croata, Dora Pejačević comezou na música de nena en Budapest co organista Károly Nosedá, proseguíu os seus estudos no Instituto Musical de Zagreb e posteriormente, en Dresde e Múnic



onde se formou en composición, contrapunto e violín. Culta, curiosa, enérxica e independente, Pejačević foi autodidacta en moitos aspectos e contacta coa elite intelectual da época o que lle permite desenvolver o seu talento artístico ata ser considerada unha pioneira na composición en Croacia e unha das compositoras importantes de principios do século XX. O seu catálogo inclúe cancións, pezas para piano, música de cámara e obras orquestrais nunha linguaxe romántica tardía, enriquecida con harmonías impresionistas, magníficos tons orquestrais e ecos ocasionais do folclore eslavo que converteron a Dora nunha verdadeira representante europea do fin de século desenvolvendo a súa obra en paralelo ás tendencias modernistas europeas na literatura e ao *Art Nouveau* nas artes visuais. Tras a morte de Pejačević, a súa obra esqueceuse e foi redescuberta na década de 1980 polas investigacións da musicóloga croata Koraljka Kos quen definía a creatividade da compositora “como un sismógrafo capaz de responder ao máis sutil dos estímulos”. As obras de madurez da compositora estaban condicionadas tanto polo seu entusiasmo pola música de Wagner como polo seu propio dominio maxistral e virtuoso dos instrumentos para os que compoñía. A *Abertura en*

*re menor* (1919) é música vigorosa aínda que bucólica e optimista; interrompida, ás veces, por un afluente beethoveniano que pode evocar á *Abertura Egmont*, á turbulenta *Primeira Sinfonía* de Enescu ou á explosiva *Abertura de Concerto* de Szymanowski, pero sen a orquestración, a miúdo asfixiante, desas primeiras obras. A partitura recolle as pegadas dunha deliberada procura dunha expresión e linguaxe musical de seu, e unha música fondamente experimentada e formalmente maxistral.

### **Francis Poulenc (1899-1963)**

#### *Sinfonietta FP 141*

Como Dora Pejačević, Poulenc pertencía a unha familia de boa posición que lle proporcionou unha exquisita educación pero que nada puido facer contra a súa irrefreable vocación musical. Logo da morte dos seus proxenitores, aos 18 anos, Poulenc perseguiu o seu soño e procurou a guía de Satie e o seu grupo. En 1917, pasa formar parte do colectivo que fixo famoso o crítico Henri Collet, *The Six* cuxos integrantes -innovadores no ritmo, o ton e a textura e distantes do denso romanticismo tardío- loitan por unha nova estética combinando os logros pasados coa frescura do jazz estadounidense, a danza brasileira e o vodevil francés.

Poulenc escribiu influenciado por Satie, Prokófiev, Maurice Chevalier, Stravinski incluso polo music-hall para crear un estilo propio recoñecible nas súas cores brillantes, a enerxía rítmica clara e precisa e unha fermosa harmonía diatónica. No seu catálogo son poucas as páxinas sinfónicas ou concertantes afastado da grandilocuencia e das lonxitudes inútiles. A orixe da *Sinfonietta* -unha desas pezas agochada na penumbra pero que representa un dos maiores éxitos do compositor- ten lugar en 1947, cando traballaba nunha obra de corda para o Cuarteto Calvet e decátase de que a instrumentación non é apropiada pois necesitaría un óboe, unha trompa e un clarinete. O encargo da BBC dunha obra sinfónica co gallo do primeiro aniversario do seu *Third Programme* permítelle recuperar e integrar eses temas desbotados do cuarteto (ademais doutras citas de *Aubade*, o *Concerto para órgano* ou a cantata *Figure humaine*) nunha partitura que remata en setembro e estrea en outubro de 1948. De estrutura tradicional, a *Sinfonietta* é unha sinfonía cun patrón externo de catro movementos que parece deterse máis no carácter musical e na orquestración que na forma sinfónica. Chea de encanto, enxeñosa, lixeira e directa, parece un xogo de claras referencias a Haydn, Mozart, Stravinski, Chaikovski,

mesturadas con temas propios do vodevil, música popular e ritmos de baile como o *Allegro con fuoco* que comeza cun vigoroso episodio de inequívocos ecos stravinskianos para dar paso a un deses motivos lixeiros e melancólicos tan inherentes a Poulenc cuxa elegancia melódica domina o breve *Molto vivace*. A modo de *scherzo* ternario, o seu ritmo de tarantela e a súa flexibilidade tímbrica, protagonizado polos ventos, vincúlano co ton galante e neoclasicista do final de *Les biches*. Mexida polos *pizzicatos* das cordas, unha melodía pastoral das madeiras, que parece mirar furtivamente cara a Brahms, introduce o lírico *Andante cantabile*, sosegado e fluído, adquire aires románticos na sección central e abre camiño a un último movemento colorido, vital e enerxizante, o *Finale* que se presenta cun enérxico latido que regresa a Stravinski para rematar referenciando o final da *Pequena serenata nocturna* de Mozart e un brillante atrevemento con resonancias de cabaré parisino e chegar a unha desenfadada conclusión.



# **Real Filharmonía de Galicia**

Temporada de abono 2021-22

# PRÓXIMOS CONCERTOS

**Venres 3 de decembro, 20:30 h**  
**HOMENAXE A PAULINE VIARDOT**

CICLO DE LIED

Ana Nebot, soprano

Marina Rodríguez-Cusí, mezzosoprano

P. Viardot

F. Chopin

P. Viardot/F. Chopin

J. Brahms

P. Viardot/J. Brahms

J. Brahms

**19:45 h**

**Sala Mozart**

Conversando con...

Arturo Reverter e Victoria Stapells

En colaboración coa Asociación de  
Amigos da Ópera de Santiago

**C**  
**Compostela  
Cultura**

## AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

## OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

